

BARBIE

Greta Gerwig, 2023

1144

ESTREA EN NUMAX: 28.07.2023 | V.O.S.E. | +18

Adaptación ao cinema sobre unha das bonecas de xoguete máis famosas do mundo. A pesar de vivir nun mundo colorido e ideal, Barbie (Margot Robbie) faise algunhas preguntas. Cando descubra que é capaz de apoiar os talóns no chan, calzará uns zapatos sen tacóns e viaxará até o mundo real xunto ao seu compañeiro Ken (Ryan Gosling).

«Barbie supera as altísimas expectativas. Visualmente fascinante e intelixente»

Juan Sardá, EL CULTURAL



Entrevista con Greta Gerwig: «Esa dinámica de mulleres falándose unhas ás outras a través do tempo encóntroa fascinante»

Por Laura Pérez

Tanto en *Lady Bird* (2017) como en *Mujercitas* (2019) poñías a mirada sobre a adolescencia feminina, algo que ten moito que ver tamén con *Barbie*. Por que che interesa tanto esta etapa da vida? Interésanme sobre todo as conversacións que se dan entre mulleres de distintas xeracións, entre a túa nai ou a túa avoa, e ti. Os diálogos que mantén en *Mujercitas* a nai, interpretada por Laura Dern, e Jo son absolutamente transformadores. A través delas vemos como van cambiando as cousas dunha época a outra. Para min *Barbie* era, no fondo, unha historia entre nais e fillas, porque a boneca inventouna Ruth Handler para a súa filla Barbara. Vía a nena xogando sempre con bonecos que parecían bebés e penso que, no canto de xogar a ser unha nai, tal vez lle gustaría xogar a ser unha rapaza maior. Esa dinámica de mulleres falándose unhas ás outras a través do tempo, das xeracións e os lazos familiares encóntroa fascinante e é un terreo moi fértil para as miñas historias.

Margot Robbie é a protagonista e tamén a produtora. Que papel xogou no desenvolvemento deste proxecto? Desexei traballar con ela durante moito tempo. Cando nos coñecemos quedeime enormemente impresionada. Xa pensaba que era unha actriz realmente boa, pero falando con ela descubrín que tamén é unha produtora e cineasta brillante. Pareceume extraordinaria, así que quería a toda costa colaborar xuntas. Cando me falou deste proxecto non sabía aínda en que ía consistir, pero cumpría ese desexo de traballar con ela.

Todos sabemos quen é Barbie, pero ninguén coñece como é, que sente ou como pensa. Como traballaron a súa personalidade e cal ía ser a súa evolución ao longo da historia? Creo que para ela foi un reto como actriz porque ao comezo do filme vive basicamente nun mundo sen friccións, non hai diferenzas entre o seu interior e a súa contorna. Por non falar de que hai moita xente que ten unha idea sobre Barbie, non existe como alguén individual. E de aí, pasa a unha especie de autoconsciencia, de separación de si mesma. É como cando Adán e Eva de súpeto se dan conta de que están espidos e empezan a pensar en largarse do xardín. Utilicei ese mecanismo, pero para a actriz é complicado, porque ten que construír o seu propio camiño. Ao principio Barbie non quere nada, está ben con todo o que ten arredor, non ten conflito. E non teño nin idea de como ela o encontrou no seu interior, pero canto o fixo, soubémolo.

Este é o teu terceiro filme como directora. Que conexión encontras entre as tres? Recoñeces un ‘Estilo Greta Gerwig’? Si hai un vínculo, e aínda que son filmes aparentemente moi diferentes, é certo que están moi conectados. Hai algo no seu núcleo moi similar e interésame moito que sexa así. Sei que soa como un enunciado demasiado amplo, pero interésame a humanidade. Interésanme as persoas e a forma na que as mulleres, como seres humanos, son importantes cinematograficamente. Quería seguir enfocándome nas cousas que me interesan e espertan a miña curiosidade. Así que, inevitablemente, acaban tendo conexión.

Que reflexión ou sensación che gustaría provocar no público? Cando saian do cinema quero que riran e que tiveran ganas de chorar. Pero quero, sobre todo, que sintan que valen moito, que son suficiente e que non teñen que loitar por merecer ese recoñecemento, porque xa o teñen no seu interior. Iso é co que quero que marchen.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Lady Bird,
Greta Gerwig.
Universal Pictures [DVD]

Mujercitas,
Louisa May Alcott.
Lumen, 2019

La vida de las mujeres,
Alice Munro.
DEBOLSILLO, 2012